


---

Programa de Desenvolvemento Estratéxico  
Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

---

Período de validez do Programa: 2023-2026



**Aprobado en Comisión de Calidade: 15/05/2023**

**Aprobado en Xunta de Escola: --/2023**

## Índice

---

Presentación .....	3
Antecedentes .....	5
Diagnose da situación do centro e as titulacións .....	6
Misión, Visión e Liñas estratéxicas .....	9
Metodoloxía de elaboración e tramitación do programa .....	14

## **Presentación**

---

A Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo comeza a impartir a súa titulación de grao no curso 2016/2017. Na etapa de posta en marcha do centro, elaborouse o Sistema de Garantía Interna de Calidade e, unha vez recibida a aprobación do mesmo, a Comisión de Calidade desenvolveu os distintos sistemas e procesos vinculados e aprobou todos os procedementos establecidos.

Neste momento o centro non elaborou un Programa de desenvolvemento estratéxico de seu porque a Universidade xa estaba en proceso de actualizar o seu propio Plan estratéxico. Unha vez aprobado para o período 2021-2026, ábrese a quenda dos distintos centros para actualizar o dito plan.

A posta en marcha deste plan leva consigo un traballo de reflexión conxunta de todos os colectivos involucrados coa actividade do centro: persoal docente e investigador, estudantado e persoal de administración e servizos, así como os axentes sociais vencellados ao centro.

O compromiso do centro coa calidade e a mellora continua concrétese nunha política de calidade, que marca unha estratexia propia determinada por uns obxectivos xerais de calidade e as correspondentes liñas de acción. Nesta labor interveñen:

- Os órganos de dirección, comprobando e garantindo o cumprimento das esixencias nas súas áreas de responsabilidade.
- Todo o persoal, tanto docente e investigador como de administración e servizos, coa súa participación na definición e aplicación nas súas tarefas na política de calidade establecida e das correspondentes accións concretas.
- O estudantado, actual e egresado, e un membro da sociedade proporcionando información en relación coas súas actividades e necesidades, participando tanto na definición das políticas internas de calidade, como nos órganos con responsabilidade e funcións directas na xestión interna da calidade.

O Equipo Directivo manifesta o seu compromiso coa calidade, a excelencia e a mellora continua do centro e as titulacións que nel se imparten. Declara a importancia da posta en marcha dunha estratexia abordada de forma participativa e colaborativa tendo en conta a contorna do centro e os principais retos cara o futuro.

A través deste plan, a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo ten a oportunidade de fixar onde e como se desexa ver dentro de catro anos, así como de definir as políticas e as medidas que se deben implantar para facer deste obxectivo unha realidade.

## **Participantes**

---

Na elaboración deste programa de desenvolvemento estratéxico participaron os seguintes membros do centro:

Casanova Álvarez, Marco (egresado)

Cid Iglesias, María Begoña (PDI)

Gómez Fernández, José (estudante)

Gómez San Juan, Alejandro Manuel (PDI)

González Jorge, Higinio (PDI)

González Salgado, Diego (PDI)

Iglesias Gómez, Montserrat (PAS)

Joga Lasala, M<sup>a</sup> del Pilar (PAS)

Lorenzo González, M<sup>a</sup> Nieves (PDI)

Magariños Docampo, Pablo (estudante)

Martín Ortega, Elena Beatriz (PDI)

Michinel Álvarez, Humberto Javier (PDI)

Navarro Medina, Fermín (PDI)

Rey González, Guillermo David (PDI)

Rodríguez Rey, Pablo (estudante)

## **Representante da sociedade**

Escolano Sánchez, Ricardo (director de COASA)

## Antecedentes

A Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo creouse oficialmente como novo centro da Universidade de Vigo, dentro do Campus de Ourense, o 12 de xaneiro de 2017 (DOG do 14 de xaneiro de 2017). Previamente, aprobouse a creación da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo no Consello de Goberno da Universidade de Vigo de 17 de xullo de 2015, sendo ratificada a súa creación polo Consello Social, na sesión do día 23 de xullo de 2015.

No curso 2016/2017 comeza a impartirse o Grao en Enxeñaría Aeroespacial. No curso 2018/2019 comeza a impartirse o Mestrado Universitario en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados de forma conxunta coa Universidade de Santiago de Compostela. Este mestrado deixou de ofertarse no curso 2020/2021. No curso 2021/2022 inicia o seu andar o Mestrado Universitario en Sistemas Aéreos non Tripulados, tamén coordinado coa Universidade de Santiago de Compostela.

Ademais da oferta formativa para o estudantado, desde a escola promóvense as actividades de formación de PDI e PAS, as actividades de investigación e as de divulgación. A escola pretende ser unha entidade en continua construción e crecemento, mediante o aumento da oferta formativa con novas titulacións e a consolidación das existentes.

O plan estratéxico do centro é unha declaración da vontade de avanzar mediante a mellora continua e na calidade do servizo prestado á sociedade. Neste documento pretenden plasmarse os intereses dos diferentes colectivos que constitúen a comunidade universitaria, as súas inquedanzas e as súas necesidades; e, sobre todo, o obxectivo común da consecución dos seus fins.

O plan estratéxico artéllase como unha ferramenta fundamental no establecemento dunha folla de ruta institucional que permita elaborar unha estratexia en múltiples fronteas para acadar o máis alto grao de calidade e de desenvolvemento. Deste xeito, será posible definir obxectivos claros baseados en métricas claras e obxectivas e implantar políticas clave para a súa mellora.

## Diagnose da situación do centro e as titulacións

Para establecer un plan de desenvolvemento estratéxico é preciso saber cal é a posición da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo na súa contorna, dende o punto de vista académico, tecnolóxico e profesional.

Esta análise da situación do centro e da súa contorna faise mediante unha reflexión guiada coa ferramenta DAFO seguindo unha guía metodolóxica. A súa exposición organízase en dúas partes:

- Diagnose interna (debilidades e fortalezas).
- Diagnose externa (ameazas e oportunidades).

En función desta análise, defínense posteriormente uns obxectivos estratéxicos cos que se buscará a forma de empregar as fortalezas para superar as debilidades, controlar as ameazas e aproveitar as oportunidades.

Os aspectos internos considerados foron:

- Os servizos académicos que ofrece a EEAE.
- A docencia.
- A integración do estudantado na Escola.
- A organización e a xestión.
- As instalacións e os servizos xerais.
- A integración do PDI e do PAS na Escola.
- A relación con outros grupos de interese.

Como resultado desta diagnose interna destácanse as seguintes:

### **Debilidades**

- Aínda non se oferta o máster habilitante.
- Corta traxectoria da Escola, polo que aínda non está recoñecida pola sociedade galega.
- Escaso número de convenios internacionais, especialmente con escolas de enxeñaría aeronáutica e espacial.
- Falta de espazos para traballar en equipo, salas de estudo de fácil acceso, instalacións de ocio e comedor de uso libre insuficientes para o volume actual de estudantado.
- Espazos docentes, servizos de apoio ao ensino, laboratorios e salas de informática, mellorables na súa adecuación, xestión, distribución e aproveitamento.

## Fortalezas

- Oferta docente adecuada.
- Nivel de matriculación alto, dado que se cubre o 100% das prazas ofertadas.
- Satisfacción do estudantado coa docencia.
- Coordinación docente adecuada e sistemática.
- O tamaño dos cursos permite levar a cabo unha formación máis personalizada e individualizada, ademais de poder emprender proxectos integradores entre varias materias do grao, ou unha formación máis práctica o máis parecida ao traballo na empresa do sector aeronáutico.
- Servizos administrativos próximos e personalizados.
- Boas relacións da Escola con empregadores cunha colaboración e interlocución fluída.
- Prestixio da Escola dentro da Universidade de Vigo e no sector da Comunidade de Galicia.

Os aspectos externos que poden influír nesta análise son:

- A competencia.
- O estudantado potencial.
- A contorna docente e investigadora.
- A contorna administrativa universitaria.
- A contorna laboral.
- A contorna social.

Como resultado da diagnose externa destácanse as seguintes:

## Ameazas

- Descenso da natalidade na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Universidades privadas máis flexibles e cunha menor relación esforzo/gradación.
- Relación inversa entre situación socio-económica e número de matrículas.
- Incerteza do PDI sobre como adecuar a oferta docente e o deseño das titulacións ás necesidades da contorna.
- Estudantado de novo ingreso con menor nivel de coñecementos nas materias de enxeñaría.
- Tamaño pequeno do sector aeronáutico na provincia, posible falta de atractivo e non crecemento do tecido industrial máis directo.

## Oportunidades

- Aproveitar a tendencia do tecido industrial e empresarial da Comunidade Autónoma Galega cun aumento de demanda de profesionais relacionados coa aeronáutica e o espazo.
- Establecer colaboracións coas empresas con vistas a desenvolver liñas de formación continua de calidade.
- Establecer acordos de colaboración con distintos axentes ao amparo das políticas, normativas e liñas estratéxicas da Administración Pública Galega.



## Misión, Visión e Liñas estratéxicas

---

### Misión da EEAE

Describe a razón de ser do centro, as actividades que leva a cabo para acadar o seu propósito como institución. Enfócase no presente.

A Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo é un centro público, aberto á contorna e con vocación internacional, comprometido coa igualdade, co progreso económico e co benestar social de Galicia. Mediante un ensino e unha investigación de calidade, contribúe á creación e á transferencia de coñecemento, á formación integral das persoas, ao desenvolvemento científico e tecnolóxico, á innovación e ao crecemento intelectual da sociedade multicultural, igualitaria e plurilingüe na que se atopa.

Máis especificamente, a EEAE é un centro no Campus de Ourense, docente e investigador da UVigo, cuxa misión é xerar e transmitir coñecementos para formar profesionais da enxeñaría coas competencias necesarias para a súa adecuada inserción no ámbito empresarial, científico e académico. Para isto, colabora estreitamente coa contorna industrial, tecnolóxica e universitaria, e dispón dunha oferta formativa de grao especializada no sector aeronáutico e aeroespacial que facilita ao estudantado tomar contacto cos últimos avances tecnolóxicos e científicos.

Actualmente o centro tamén oferta estudos de máster en Sistemas Aéreos non Tripulados. As persoas graduadas poden acceder a diversos estudos de doutoramento que oferta a Universidade.

A EEAE asume o compromiso de ser un axente impulsor do desenvolvemento do seu contorno económico, social e laboral, actuando con criterios de calidade, igualdade, responsabilidade social e apertura ao exterior.

### Visión da EEAE

Avanza o resultado que se pretende acadar no medio prazo. Describe a realidade que se pretende consolidar. Describe unha expectativa que guía e motiva ao grupo no desenvolvemento da súa actividade. Oriéntase cara ao futuro.



A EEAE aspira a conseguir os seguintes obxectivos no período estratéxico 2022-2026:


- Ser recoñecido por ser un Centro plenamente consolidado cun proxecto de futuro definido e sostible.
- Presentar unha oferta formativa excelente no campo da enxeñaría aeronáutica e aeroespacial, completando a oferta cun máster habilitante.
- Desenvolver un programa de doutoramento dentro do seu ámbito para promover a investigación.


- Ser un centro universitario de referencia a nivel nacional e internacional.
- Ser recoñecido polo seu estudantado e polos empregadores como un dos centros do seu ámbito de influencia no que se forman os mellores profesionais da súa especialidade da enxeñaría.
- Ser o centro preferido polo estudantado potencial.
- Ofrecer unha experiencia universitaria plenamente satisfactoria ao seu estudantado.
- Ser un referente para os empregadores que buscan os mellores profesionais da enxeñaría aeronáutica e aeroespacial.
- Ser recoñecido polo seu persoal como o mellor centro no que desenvolver o seu traballo, logrando a súa máxima implicación, compromiso e sentimento de pertenza.
- Ser recoñecido pola sociedade galega e española pola súa contribución ao desenvolvemento sostible, á igualdade e ao benestar da comunidade e pola súa transparencia na xestión.

### **Liñas estratéxicas da EEAE**








Para formalizar o seu compromiso coa calidade a excelencia e a mellora e como garantía para o desenvolvemento da política de calidade establecida, a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo acorda establecer os seguintes obxectivos de calidade:

Eixos estratéxicos	Obxectivo estratéxico institucional	Liña estratéxica do centro	Obxectivos de Calidade do centro
<p style="text-align: center;"><b>Formación</b></p>  <p style="text-align: center;">FORMACIÓN</p>	<p><b>Obxectivo 1.</b> Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna.</p>	<p>Desenvolver unha actividade académica e formativa ligada ás necesidades e expectativas da sociedade para consolidar altos niveis de calidade nas titulacións sen renunciar aos fins da Universidade de Vigo.</p> <p>Complementar a formación académica actual cunha oferta de posgrao adecuada ás necesidades do estudiantado da escola.</p>	<p>Realizar un seguimento continuo dos resultados académicos máis relevantes manténdoo baixo limiares apropiados.</p> <p>Ofertar o máster habilitante para o grao.</p>
	<p><b>Obxectivo 5.</b> Impulsar a internacionalización e a multiculturalidade.</p>	<p>Fomentar a atracción internacional do estudiantado, do PDI e do PAS, e tamén a súa mobilidade con programas de intercambio e con estadias internacionais.</p>	<p>Incrementar a participación do estudiantado nos programas de mobilidade.</p> <p>Incrementar a participación de PAS e PDI en programas de intercambio e estadias internacionais.</p>
<p style="text-align: center;"><b>Investigación</b></p>  <p style="text-align: center;">INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA</p>	<p><b>Obxectivo 21.</b> Potenciar e promover a visibilidade no ámbito internacional da actividade investigadora e da transferencia de resultados.</p>	<p>Involucrar ao PDI do centro en actividades de investigación e transferencia de coñecemento cara á sociedade.</p>	<p>Fomentar actividades de investigación e de divulgación que sitúen ao centro como referente investigador e de transferencia de coñecemento dentro da sociedade.</p> <p>Facer unha transferencia relevante de coñecemento á sociedade.</p>
	<p><b>Obxectivo 22.</b> Impulsar a coordinación dos grupos de investigación da EEAE para elaborar propostas</p>	<p>Promover a procura de sinerxías coas distintas actividades de investigación e divulgación no ámbito da enxeñaría aeroespacial que se desenvolven no</p>	<p>Fomentar unha investigación de excelencia no ámbito das titulacións do centro.</p>

Eixos estratéxicos	Obxectivo estratéxico institucional	Liña estratéxica do centro	Obxectivos de Calidade do centro
	multidisciplinares competitivas no ámbito nacional e internacional.	conxunto da universidade, no ámbito nacional e internacional.	
<p>Persoas</p> 	<p><b>Obxectivo 24.</b> Coidar o desenvolvemento persoal e profesional da comunidade universitaria.</p>	Desenvolver mecanismos que permitan atender ás necesidades dos grupos de interese e mellorar a súa satisfacción respecto das actividades desenvolvidas no marco das titulacións e do centro.	Mellorar a satisfacción dos grupos de interese.
	<p><b>Obxectivo 29.</b> Fomentar as actividades da vida universitaria e o asociacionismo.</p>	Colaborar coas asociacións de estudantes para que podan levar a cabo as súas actividades dentro do ámbito da escola.	<p>Fomentar as actividades das asociacións de estudantes con representación no centro na organización de actividades universitarias non académicas.</p> <p>Impulsar actividades complementarias de docencia a través de cursos e elaborar seminarios con contido formativo coma o Foro Aero.</p>
<p>Organización e recursos</p> 	<p><b>Obxectivo 11.</b> Mellorar e xestionar de forma eficiente e sostible as infraestruturas universitarias.</p>	A EEAE aposta polo agrupamento dos seus recursos e infraestruturas nun edificio propio no que se podan impartir as ensinanzas de grao e posgrao.	Facer un seguimento do proxecto de construción dun edificio propio, no que se conte coas instalacións necesarias para un bo desenvolvemento da docencia e da investigación.

Eixos estratéxicos	Obxectivo estratéxico institucional	Liña estratéxica do centro	Obxectivos de Calidade do centro
<p><b>Relación coa sociedade</b></p> 	<p><b>Obxectivo 9.</b> Reforzar o liderado da Universidade de Vigo como axente de xeración e de transferencia de coñecemento e como motor de desenvolvemento social, a través da cooperación con entidades públicas e privadas.</p>	<p>Incrementar a colaboración con organizacións e institucións públicas ou privadas en materia de investigación e de transferencia tecnolóxica relacionadas co polo aeroespacial.</p>	<p>Reforzar o liderado da EEAE como axente de xeración e de transferencia de coñecemento e como motor de desenvolvemento social, a través da cooperación con entidades públicas e privadas.</p>

Metodoloxía de elaboración e tramitación do programa

FASES	MES 1	MES 2	MES 3	MES 4	MES 5	MES 6
Reunión inicial da comisión						
Reflexión e aportación individual						
Debate sobre as propostas e elaboración do documento						
Revisión do documento						
Aprobación do documento en Comisión de Calidade e exposición pública						
Aprobación do documento en Xunta de Escola						
	Reunións da comisión					
	Traballo individual					

- **Reunión inicial da comisión:** A Coordinadora de Calidade presenta á comisión o Plan Estratéxico da Universidade no que se basea o presente Programa de Desenvolvemento Estratéxico do centro. Tamén presenta a documentación que se debe elaborar e facilita un borrador que serve de modelo. Ademais establécese o método de traballo.
- **Reflexión e aportación individual:** Cada membro da comisión dispón dun tempo para consultar o material de traballo e reflexionar sobre os distintos aspectos que se contemplan nos mesmos. Tras este traballo individual cada membro envía a súa proposta.
- **Debate sobre as propostas e elaboración do documento:** Coas achegas recibidas, a Coordinadora de Calidade redacta un borrador que se presenta a debate para corraxir e/ou modificar aqueles aspectos que considere a comisión.
- **Revisión do documento:** A partir do recollido no debate, elabórase un documento final que se envía para a súa revisión.